



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA CATRO DE FEBREIRO DE 2020
EXPEDIENTE: 2020/G010/0000001

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Laura C. Calvo Quintela

Alberto Seoane Brandariz

Gustavo Manuel Quindimil Gómez

Francisca Bestilleiro Roel

Marcos Zapata Díaz

José María Caamaño Nogueira

Luis Constante Freire Pérez de Juan

Silvia Taboada Carro

Roberto Gómez Lesta

Fátima Insua López

María Ángeles Vilas Pedreira

Francisco Javier Rodríguez Souto

En Abegondo, ás trece horas e trinta e cinco minutos do día catro de febreiro de 2020, previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente José Antonio Santiso Miramontes, e asistido do secretario Adrián J. Márquez Caramés, os concelleiros na marxe expresados co obxecto de realizar a sesión ordinaria.

Logo de comprobar que asisten o número suficiente para a válida constitución, o Sr. alcalde-presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é a seguinte:

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACION ENTE A XEFATURA CENTRAL DE TRAFICO E A FEMP PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACION
3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA TRANSFORMACIÓN DO CONSORCIO EN MANCOMUNIDADE 2020

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

4. DECRETOS DA ALCALDÍA
5. ROGOS E PREGUNTAS

Escusan a súa ausencia:

Secretario

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES

De acordo co disposto no art. 91 do ROF o Sr. alcalde-presidente debería consultar aos concelleiros se desexan facer algunha observación á acta de data 19.12.2019 que estaba pendentes de aprobar.

Unha vez sometido este punto da orde do día a votación ordinaria, a Corporación Municipal por unanimidade dos seus membros presentes aproban a acta.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACION ENTE A XEFATURA CENTRAL DE TRAFICO E A FEMP PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACION

Polo alcalde-presidente dáse conta da proposta correspondente que dí:

ASUNTO:SOLICITUDE DE ADHESION AO CONVENIO DE COLABORACION ENTE A XEFATURA CENTRAL DE TRAFICO E A FEMP PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACION

EXPEDIENTE: 2020/X999/000006

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. A Xefatura Central de Tráfico e a FEMP estableceron un Convenio que ten por obxecto a creación dun marco suficiente para a colaboración e o intercambio de información entre as Entidades Locais e a organización periférica do Organismo Autónomo XCT, nas materias que comprendan a xestión censal no que se refire aos



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.es\]](https://sede.abegondo.es) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Rexistros de Vehículos e de Condutores e Infractores, así como no que afecte á xestión tributaria do IVTM e a colaboración para a baixa definitiva de determinados vehículos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. O convenio de colaboración tén por obxecto ten por obxecto a creación dun marco suficiente para a colaboración e o intercambio de información entre as Entidades Locais e a organización periférica do Organismo Autónomo XCT, nas materias que comprendan a xestión censal no que se refire aos Rexistros de Vehículos e de Condutores e Infractores, así como no que afecte á xestión tributaria do IVTM e a colaboración para a baixa definitiva de determinados vehículos.

Este Convenio de Colaboración non supón renuncia ás competencias de cada Administración interviniente, nin afecta a outros acordos ou colaboracións que poidan existir actualmente entre ambas as Administracións.

SEGUNDA. De acordo co indicado no convenio as obrigacións das Xefaturas Provinciais e Locais de Tráfico serán:

1. Manter actualizados os datos dos domicilios correspondentes ao censo de vehículos e de condutores nos Rexistros de Vehículos e de Condutores e Infractores.
2. Convir coa Entidade Local correspondente (Concello/Deputación, Cabildo, Consello Insular, segundo os casos) o sistema no que deban efectuarse as comunicacións dos novos domicilios, promovendo na medida en que sexa posible o emprego de medios telemáticos (arquivo informático, correo electrónico, etc.). De non ser posible, poderán utilizarse outros medios como o correo, fax, etc.
3. Anotar no Rexistro de Vehículos e no de Condutores e Infractores os cambios de domicilio no prazo de dez días hábiles desde a recepción da comunicación, e expedir un novo permiso de circulación.
4. Convir coa Entidade Local o sistema de acceso aos datos que sobre os vehículos matriculados constan no Rexistro de Vehículos, fomentando o emprego de sistemas telemáticos ou o envío, no seu caso, dos datos en formato electrónico.
5. Fomentar a institucionalización da presenza de postos de traballo e de atención ao público das Entidades Locais nas dependencias das Xefaturas Provinciais e Locais de Tráfico.
6. Por a disposición da Entidade Local, durante a primeira quincena de cada mes, as variacións producidas no mes anterior correspondentes aos vehículos sempre que teñan transcendencia tributaria para a xestión do IVTM, fomentando na medida en que sexa posible que a comunicación se realice mediante a utilización de sistemas telemáticos.
7. Convir coa Entidade Local correspondente o sistema no que deba efectuarse a comunicación das baixas por depuración, promovendo o emprego de medios telemáticos.
8. Remitir á FEMP as Instrucións ditadas pola Dirección Xeral de Tráfico que afecten á xestión tributaria en materia do IVTM.

TERCEIRA. De acordo co indicado no convenio as obrigacións da Entidade Local serán as seguintes:

1. Interesar dos cidadáns que acudan a empadroarse a cumprimentación do modelo de solicitude de duplicado por cambio de domicilio do permiso de circulación ou do permiso de condución que se inclúe como anexo 1 11 ao presente Convenio ou, no seu caso, incluír no modelo oficial establecido ao efecto de solicitude de certificado de



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.es\]](https://sede.abegondo.es) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

empadramento unha casa que o cidadán poida tachar coa lenda seguinte: "coa presente solicitude autorizo ao Concello de Abegondo a que comunique á Xefatura Provincial ou Local de Tráfico o cambio de domicilio do meu permiso de circulación ou de condución".

2. Comunicar á Xefatura Provincial ou Local de Tráfico correspondente ao seu ámbito territorial os cambios de domicilio nun prazo máximo de dez días hábiles desde que teña entrada a solicitude.

3. Convir coa Xefatura Provincial ou Local de Tráfico correspondente o sistema no que deban efectuarse as comunicacións dos novos domicilios, promovendo na medida en que sexa posible o emprego de medios telemáticos (arquivo informático, correo electrónico, etc.). De non ser posible, poderán utilizarse outros medios como o correo, fax, etc.

4. Convir coa Xefatura Provincial ou Local de Tráfico o sistema de acceso aos datos que sobre os vehículos matriculados constan no Rexistro de Vehículos, fomentando o emprego de sistemas telemáticos ou o envío, no seu caso, dos datos en formato electrónico.

5. Convir coa Xefatura Provincial ou Local de Tráfico os medios para a remisión das variacións relativas aos vehículos sempre que teñan transcendencia tributaria para a xestión do IVTM, fomentando na medida que se posible a realización das comunicacións a través de medios telemáticos.

6. Convir coa Xefatura Provincial ou Local de Tráfico correspondente o sistema no que deba efectuarse a comunicación das baixas por depuración, promovendo o emprego de medios telemáticos.

7. Comprobar o cumprimento dos requisitos legalmente previstos para solicitar o cambio de domicilio do permiso de circulación ou de condución por parte do interesado.

8. Recoller o permiso de circulación do vehículo, que será remitido á Xefatura Provincial ou Local de Tráfico correspondente e entregar ao solicitante do cambio de domicilio unha fotocopia daquel debidamente cotexada na que se estampará unha dilixencia de acordo co formato e contido previstos no anexo IV do convenio.

CUARTA. O presente Convenio ten natureza administrativa e atópase entre os supostos expresamente excluídos do ámbito de aplicación do Real Decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, segundo determínase no seu artigo 3.1.c).

QUINTA. O presente Convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa firma e terá vixencia por un ano, que se prorrogará de maneira automática por idéntico prazo, salvo que se resolva por algunha das causas seguintes:

- Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
- Denuncia feita por calquera das partes, con tres meses de antelación.
- Incumprimento grave de calquera das partes dos Acordos do Convenio.

SEXTA. O presente Convenio non xera obrigacións económicas para ningunha das partes asinantes do mesmo.

SÉTIMA. Sistema de adhesión ao Convenio

Cada Entidade Local, a través do seu órgano de goberno, enviará á Xefatura Provincial ou Local de Tráfico correspondente ao seu ámbito territorial a súa solicitude de adhesión plena e sen condicións ao presente Convenio, no modelo que se inclúe como Anexo 1 (Solicitude de Adhesión).

A aceptación de tal adhesión, previos os trámites internos oportunos, será realizada polo Xefe Provincial ou Local de Tráfico e, posteriormente, comunicada á Entidade Local por conduto da FEMP e á Dirección Xeral de Tráfico.

Realizados os trámites descritos procederase á subscrición do Protocolo de Adhesión no modelo que se inclúe como anexo 11 ao presente Convenio entre a Entidade Local e o Xefe Provincial ou Local de Tráfico.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.es\]](https://sede.abegondo.es) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Alcalde de acordo co artigo 61.1. da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. **PROPOÑO:**

PRIMEIRO. Manifestar a conformidade co texto proposto no considerando segundo, enviado pola FEMP ao Concello de Abegondo e que figura como anexo a este decreto.

SEGUNDO. Dar traslado do presente acordo á FEMP e á Dirección Xeral de Tráfico e aos interesados para os efectos oportunos.

TERCEIRO. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Logo da explicación por parte do alcalde-presidente, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan e Silvia Taboada Carro, Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta, Francisco Javier Rodríguez Souto e María Ángeles Vilas Pedreira)

Abstencións: 0

Votos en contra: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta por unanimidade.

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA TRANSFORMACIÓN DO CONSORCIO EN MANCOMUNIDADE

Polo alcalde-presidente dáse conta da proposta correspondente que dí:

ASUNTO: TRANSFORMACIÓN DO CONSORCIO EN MANCOMUNIDADE 2020

EXPEDIENTE: 2020/X999/000019

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O réxime xurídico dos consorcios modificouse polo establecido na Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que modifica a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e se recolleu na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

SEGUNDO. A aprobación do Consorcio realizouse por Resolución de 18 de xullo de 2000 conforme ao disposto no artigo 44 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 150 e seguintes, así como os 137 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia: “Os concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, todos eles da provincia da Coruña, constitúen un consorcio local, sen prexuízo dos que poidan incorporarse no futuro conforme ás previsións estatutarias, de conformidade co establecido nos artigos 37 a 40 do Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado por Decreto do 17-6-1955; artigos 3, 26, 47.3º b), 57, 85 e 87 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; artigos 35, 36 e 110 do R.D. lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; artigo 7 da Lei 30/1992, de 26



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.es\]](https://sede.abegondo.es) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; artigos 2 ao 6, 8, 137 e ss., 149 ao 152 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia; así como Lei 10/1998, de 21 de abril, de residuos; demais concordantes e de aplicación.”

A orde do 10 de decembro de 2008 modificou os estatutos do Consorcio As Mariñas.

TERCEIRO. Aprobouse por maioría absoluta de cada pleno de todos os concellos que conforman o consorcio o acordo de incoación do expediente de constitución dunha Mancomunidade co gallo da transformación do Consorcio As Mariñas entre os Concellos de Abegondo (25.03.2015), Arteixo (12.03.2015), Bergondo (05.03.2015), Betanzos (09.03.2015), Cambre (23.12.2014), Carral (26.03.2015), Culleredo (12.03.2015), Oleiros, (26.02.2015) e Sada (23.03.2015) todos eles da Provincia da Coruña, coa finalidade de proceder á xestión común do servizos que ven prestando actualmente o Consorcio As Mariñas.

En data 22.09.2015 a comisión xestora acordou convocar a asemblea integrada por todos os concelleiros dos concellos interesados para que aprobe provisionalmente o texto inicial No pleno extraordinario e urxente de data 30.09.2015 mostrouse a posible vontade por parte dun membro do consorcio de non continuar cos trámites da mancomunidade e separarse do consorcio, o que derivou na anulación da convocatoria da asemblea prevista. Na reunión de alcaldes de data 04.03.2016 ese membro segue a mostrar a mesma vontade, sen achegar acordo formal ao respecto.

O 29.07.2016 a asemblea de concelleiros para a constitución da mancomunidade aprobou inicialmente os estatutos para a transformación en mancomunidade. O anuncio de apertura do período de información pública foi publicado no DOG nº 152 de data 11.08.2016 e no BOP de A Coruña nº 150 de 09.08.2016. A Deputación da Coruña en data 09.09.2015 emitiu o preceptivo informe favorable aos Estatutos aprobados inicialmente. E a comisión xestora o 10.10.2016 resolveu as alegacións e remitiu o texto de estatutos á Dirección Xeral da Administración local para o seu preceptivo informe.

CUARTO. No pleno extraordinario e urxente de data 30.09.2015 mostrouse a posible vontade por parte dun membro do consorcio de non continuar cos trámites da mancomunidade, o que derivou na anulación da convocatoria da asemblea prevista.

QUINTO. En data 04.04.2016 o Presidente da comisión xestora enviou escrito ao Concello de Arteixo para que achegue acordo formal onde se mostre a súa vontade de continuar ou non cos trámites previstos.

SEXTO. O 29.07.2016 a asemblea de concelleiros para a constitución da mancomunidade aprobou inicialmente os estatutos para a transformación en mancomunidade. O anuncio de apertura do período de información pública foi publicado no DOG nº 152 de data 11.08.2016 e no BOP de A Coruña nº 150 de 09.08.2016. A Deputación da Coruña en data 09.09.2015 emitiu o preceptivo informe favorable aos Estatutos aprobados inicialmente. E a comisión xestora o 10.10.2016 resolveu as alegacións e remitiu o texto de estatutos á Dirección Xeral da Administración local para o seu preceptivo informe. Este expediente foi suspendido mediante acordo da comisión xestora de data 04.11.2016.

SÉTIMO. En data 06.06.2016 o Pleno do Consorcio reiterou a solicitude para que adoptase o acordo no próximo pleno ordinario que celebre o concello de Arteixo.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.es\]](https://sede.abegondo.es) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

OITAVO. En data 06.10.2016 o Concello de Oleiros presentou unha moción para adaptar os Estatutos do Consorcio.

NOVENO. Varios membros do Consorcio de As Mariñas e o Concello de A Coruña asinaron o 20.10.2016 unha declaración para que se inicien os trámites de conformación da área metropolitana.

DÉCIMO. O 02.12.2016 o Pleno do Consorcio das Mariñas aprobou inicialmente a modificación dos Estatutos para adaptarse ao preceptuado na disposición transitoria sexta da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, e na Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

DÉCIMOPRIMEIRO. O 29.12.2016 O Concello de Arteixo acorda en Pleno ordinario o exercicio do dereito de separación do Consorcio As Mariñas, o que foi comunicado na mesma data ao Consorcio.

DÉCIMOSEGUNDO. No pleno do Consorcio de data 04.11.2016 Presidencia propuxo a aprobación inicial da modificación dos estatutos, asunto que quedou pendente por varias propostas de mellora no texto de Estatutos.

DÉCIMOTERCEIRO. O Pleno do consorcio, con data 17.11.2017 aprobou, cos efectos previstos no artigo 126 da lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, a liquidación provisional pola saída de Arteixo do Consorcio das Mariñas conformada pola cota de separación do consorcio do Concello de Arteixo e que a data de separación do concello de Arteixo sexa efectiva o 31 de decembro de 2017. En data 18.12.2019 acordou a saída definitiva do Concello de Arteixo.

DÉCIMOCUARTO. O Pleno do consorcio con data 18.12.2019 aprobou solicitar aos concellos para que inicien o expediente de constitución dunha Mancomunidade co gallo da transformación do Consorcio As Mariñas.

DÉCIMOQUINTO. Consta o informe favorable de secretaría a este acordo de inicio.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25.2.j) e c) e art. 26)
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público
- Os artigos 22.2.b), 44 e 47.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Os artigos 35 e 36 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- A Lei 5/1997 de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Os artigos 31 a 39 do Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial.
- O Real Decreto 382/1986, de 10 de febreiro, polo que se crea, organiza e regula o Funcionamento do Rexistro de Entidades Locais.
- A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- A Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- A Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. O procedemento para a adaptación dos Estatutos do Consorcio será o seguinte [Seguindo as regras



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.es\]](https://sede.abegondo.es) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

previstas para a creación dunha mancomunidade, de acordo ao establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a lei 5/1997]:

A. A iniciativa para a constitución de Mancomunidades deberá ser aprobada por cada un dos Municipios que a asuman mediante Acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada Concello.

B. A elaboración dos estatutos, dos que o contido mínimo será o que se sinala no artigo 142 da Lei 5/1997, será competencia da Comisión Xestora, que os aprobará inicialmente, e a súa aprobación provisional corresponderalle a unha asemblea integrada por tódolos concelleiros dos concellos interesados. Esta asemblea será convocada polo presidente da Comisión Xestora, e para a súa válida constitución requirirá a asistencia, polo menos, da maioría absoluta dos membros de dereito dela, cumprindo a presenza, como mínimo, dun representante de cada municipio

C. O proxecto de estatutos, unha vez aprobado, será sometido, polo prazo dun mes, a informe da Deputación ou das deputacións provinciais interesadas, entenderase favorable se no devandito prazo non fose emitido e expoñerese a información pública por un período dun mes para que sexan presentadas, por parte dos interesados, as observacións ou suxestións que estimen precisas.

D. Rematado o prazo de información pública e antes da aprobación definitiva, seranlle remitidos os estatutos, xunto coa resolución das reclamacións que fosen presentadas, á Consellería competente en materia de réxime local para o seu informe, e esta poderá formula-las observacións de legalidade así como as suxestións e propostas que considere convenientes. Se do informe ó que se refire o parágrafo anterior resultasen modificacións do proxecto de estatutos provisionalmente aprobado, someteranse aquelas á consideración da Comisión Xestora, que, de non aceptalas, estará obrigada á convocatoria da asemblea de concelleiros para unha nova discusión delas. Tras esta nova xuntanza da asemblea decidirase se se continúa ou non co procedemento ata a aprobación definitiva dos estatutos e a constitución da mancomunidade.

E. Os Estatutos da Mancomunidade deberán ser aprobados polos Plenos dos respectivos Concellos, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Por outra banda, de acordo co artigo 127.5 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público as entidades consorciadas poderán acordar, coa maioría que se estableza nos estatutos, ou a falta de previsión estatutaria por unanimidade, a cesión global de activos e pasivos a outra entidade do sector público xuridicamente adecuada coa finalidade de manter a continuidade da actividade e alcanzar os obxectivos do consorcio que se extingue. A cesión global de activos e pasivos implicará a extinción sen liquidación do consorcio cedente.

SEGUNDA. O artigo 44 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, recoñece aos Municipios o Dereito a asociarse con outros en mancomunidades para a execución en común de obras e servizos determinados. As mancomunidades teñen personalidade e capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins específicos e réxense polos seus estatutos propios. As Mancomunidades non poderán asumir a totalidade das competencias asignadas aos respectivos Municipios.

TERCEIRA. Os Estatutos das Mancomunidades municipais haberán de expresar, polo menos, os seguintes extremos:

- a) Os Municipios que comprende a Mancomunidade.
- b) O lugar en que radiquen os seus Órganos de Goberno e Administración.
- c) O número e forma de designación dos representantes dos Concellos que han de integrar os Órganos de Goberno da Mancomunidade.
- d) Os fins da Mancomunidade e as súas competencias.
- e) Os seus recursos económicos.
- f) O prazo de duración.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.es\]](https://sede.abegondo.es) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

- g) O procedemento para modificar os Estatutos.
- h) As súas causas de disolución.

CUARTA. De acordo co Real Decreto 382/1986, de 10 de febreiro, polo que se crea, organiza e regula o Funcionamento do Rexistro de Entidades Locais, no prazo dun mes desde a constitución do órgano de goberno da Mancomunidade, deberase solicitar polo seu Presidente a inscrición no Rexistro de Entidades Locais.

Dado que o inicio do expediente deberá referendarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada un dos Concellos que asuman a iniciativa, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

PRIMEIRO. Iniciar o expediente de constitución dunha Mancomunidade co gallo da transformación do Consorcio As Mariñas.

SEGUNDO. Expresar a vontade de concorrer á Asemblea e designar a José Antonio Santiso Miramontes e Luís Constante Freire Pérez de Juan como representante e suplente, respectivamente da Corporación na Comisión xestora que se encargue de elaborar o anteproxecto de Estatutos (que tomará como base os actuais estatutos do consorcio As Mariñas) e de tramitar o procedemento ata a constitución dos Órganos de Goberno da Mancomunidade.

TERCEIRO. Deixar sen efecto os acordos plenarios anteriores sobre a mancomunidade.

CUARTO. Facultar ao alcalde-presidente para a xestión e firma de cantos documentos sexan necesarios.

Logo da explicación por parte do alcalde-presidente, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan e Silvia Taboada Carro, Fátima Insua López, Roberto Gómez Lesta, Francisco Javier Rodríguez Souto e María Ángeles Vilas Pedreira)

Abstencións: 0

Votos en contra: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta por unanimidade.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO.

4. DECRETOS DA ALCALDÍA

Dáse conta dos decretos de Alcaldía.

5. ROGOS E PREGUNTAS

Roberto Gómez Lesta: Hai unha subvención do campo de fútbol pero non pón qué campo é.

Alcalde-presidente: É unha subvención convocada polo Consello superior de Deportes, para o tema do Crendes, pero houbo problema coa dispoñibilidade dos terreos polo cambio da directiva do Dépor e non o puidemos subsanar.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.es\]](https://sede.abegondo.es) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Roberto Gómez Lesta: ¿Hai novidades no tema da subestación de Folgoso?

Alcalde-presidente: Non sabemos nada, presentouse aquí un enxeñeiro para colaborar coas alegacións pero non nos agradou a proposta, ademáis seguimos en contra do tema pola altura de 50 metros das torres e o grande que é a propia subestación, estaríamos de acordo se presentasen alternativas, se fose blindadas e con apoios menos altos.

Roberto Gómez Lesta: Gustaríanos comunicarlle ao pleno, como xa fixen co concelleiro de obras e servizos e o aparelador municipal que o camiño en Leiro, xunto a casa do “zoqueiro”, que queda moi pouco por aglomerar, e nos gustaría que se completase.

Alcalde-presidente: Que vaian a bachear e aglomerar.

Roberto Gómez Lesta: No salón de Santirso, desexaríamos que se eliminasen as barreiras arquitectónicas.

Alcalde-presidente: É un edificio antigo e haberá que miralo.

Roberto Gómez Lesta: Tamén no salón, hai unha sala que non ten calefacción

Alcalde-presidente: Que poñan un radiador.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por finalizado o acto ás trece horas e corenta e nove minutos do día do encabezamento, levantándose a presente acta, do que como secretario dou fe.

O alcalde-presidente
José Antonio Santiso Miramontes

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.es\]](https://sede.abegondo.es) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.